

INTERVENCIÓN

LVP/slb

Refª: ispac3710358885472263077.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 50-2024 Canon control vertidos

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, ALCALDESA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO PARA DAR COBERTURA AS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO DERIVADAS DO CANON DE CONTROL DE VERTIDOS REMITIDO POLA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A., CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2020.

Visto o expediente tramitado para modificar o plan de investimentos dentro do vixente orzamento do exercizo 2024, que leva asociada unha transferencia de crédito núm.: 50-2024, dentro do vixente orzamento do exercizo 2024 para dar cobertura as obrigas de carácter económico derivadas do canon de control de vertidos remitido pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, O.A. correspondente ao exercicio 2020 e ascendente a 360.574,87 € (tasa que grava o estudo, control, protección e mellora do medio receptor de cada cuenca hidrográfica, segundo a Lei de Augas, aprobada por RDL 1/2001, do 20 de xullo).

Vista a conformidade prestada á proposta do servizo de Medio Ambiente pola Concellería de Infraestruturas Urbanas.

Vista a inexistencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento Xeral, solicítase a tramitación dun expediente de transferencia de crédito.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, en concreto o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 1402/2024, do 03.10.2024 así como o RCMOD Ref.: 66341/2024, por importe de 360.574,87 do 02.10.2024.

Vense advertindo pola intervención de xeito reiterado nos últimos tempos sobre a evolución negativa dos principais indiadores e magnitudes económico-financeiras do Concello, e da necesidade de adoptar medidas de contención do gasto non obrigatorio. Neste caso, é certo que se trata dun canon de control de verquidos da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, O.A., obrigatorio para o concello, e cuxo impago podería dar lugar a que non se atopase esta entidade ao corrente de obrigas coa facenda estatal e iso impedise a obtención de subvencións e axudas. Por tanto, enténdese que é preciso aprobar o presente expediente de modificación de crédito.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 360.574,87 €, para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

INTERVENCIÓN

LVP/slb

Refª: ispac3710358885472263077.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 50-2024 Canon control vertidos

APLICACIONES ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO	IMPORTE €	APLICACIONES ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO	IMPORTE €
16510.22100	360.574,87 €	16100.20900	360.574,87 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	360.574,87 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO	360.574,87 €

SEGUNDO: Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.